

El restaurante Marico sorteá un cuadro de Guillermo Guerra entre sus clientes

NOIA El restaurante Marico sorteá entre sus clientes una acuarela del artista chileno afincado en Cee, Luis Guillermo Guerra Aguilera, que expone sus cuadros en este establecimiento. Podrán participar en esta promoción todas aquellas personas que dejen un comentario escrito en el libro de clientes del restaurante como visitante a la exposición con sus datos telefónicos para ser avi-

sado. La acuarela, que se rifará el próximo 12 de octubre, lleva por título *Ponte Nafonso* y se podrá contemplar al igual que el resto de los cuadros hasta el mismo día del sorteo. El artista expone en este establecimiento acuarelas sobre papel de algodón que recogen rincones y paisajes de Noia. Entre ellos destacan el puente de San Lázaro, el puente del Campo das Rodas, la iglesia de

San Martiño, el frente del concello en la Alameda o el instituto Virxe do Mar. También se pueden ver otras muchas escenas de la costa gallega como el faro de Corrubedo. Como cada vez que expone, Luis Guillermo Guerra, en la imagen sentado, ofrece a su público reproducciones numeradas de las obras más emblemáticas a un coste popular y con un certificado de fidelidad. **M.G.**



SÁBADO
29 DE SEPTIEMBRE DE 2012

EL CORREO GALLEGO

TERRAS DE SANTIAGO 7

Manuel Reimóndez Portela, "exemplo de servidor público"

Palmou salientou nunha mesa redonda sobre o que fora alcalde da Estrada "o seu talante conciliador e o seu amor por Galicia"

SUSANA FORMOSO
A Estrada

O Mome acolleu onte a segunda das Xornadas Manuel Reimóndez Portela, que están a reunir a distintos expertos e amigos do que fora alcalde da Estrada. O tema central da mesa redonda de onte foi a "vocación de servizo" do tamén médico do municipio.

O acto foi presentado pola directora do Seminario de Estudos Locais da Estrada —que organiza esta iniciativa—, María Jesús Bascuas. Como previo á presentación —o próximo día 5 de outubro— da reedición de *Un médico na aldea*, os actores afeccionados Gonzalo Valcárcel e Lola Puente, ofreceron unha representación dun dos relatos que se inclúe nesta publicación.

A continuación, abriuse a quenda de intervencións da mesa redonda. A catedrática de Historia Moderna da USC, Ofelia Rey Castelao, encargouse de moderar aos poñentes da xornada e de presentalos, pero non sen antes facer unha cariñosa alusión a quen "foi o meu médico durante tantos anos".

Entre eles atopábase o conselleiro do Consello de Contas, Xesús Palmou, quen calificou a Manuel Reimóndez Portela coma un "exemplo de servidor público", en contraposición ao actual desencanto existente coa clase política. Palmou deu comezo cunha breve referencia aos pri-



Palmou, esquerda, con Baliñas, Rey e González durante a peza teatral. Foto: Xoanma Porto

Todos os poñentes salientaron a faceta de grande orador do médico estradense

meiros contactos co médico estradense "alá polo ano 1978 na súa consulta de San Miguel de Castro".

Dende entón, puido comprobar de primeira man o "talante conciliador e o amor a Galicia de Reimóndez", algo que era "unha constante na súa traxectoria" tanto vital coma profesional. Definido coma "gran comunicador", Palmou salientou as diversas facetas, ademais da de alcalde, que o médico da Estrada amosou aos seus veciños.

Entre elas atópanse a de "fundador do CIT, escritor e investigador e conferenciante e dinamizador cultural". Neste último ámbito, fíxose alusión ás charlas que Reimóndez Portela impartía, todas elas caracterizadas pola súa "amenidade e grafía".

Finalmente, o membro do Consello de Contas exemplificou como o exalcalde da Estrada "sempre que deu un paso no eido político o fixo na solidez de servir a Galicia e aos seus veciños, nunca na idea de escalar postos". Tamén a ter en conta foi a súa ampla formación que o converteu en "gran médico", e cun grande interese por defender "a súa cultura e a

nosa lingua, que usaba habitualmente".

Sobre o interese de Reimóndez Portela pola cultura falou o catedrático de Filosofía da USC Carlos Baliñas, quen asegurou que, a través das novedosas guías turísticas que escribira o médico, foi capaz de "contemplar de xeito diferente a paisaxe estradense".

En canto á súas ponencias, o psiquiatra e escritor Emilio González asegurou que "Manolo Reimóndez era un extraordinario comunicador. Falaba cos ollos e con todo o seu corpo... Convencía". Amais, como médico, "baixábase a carón do doente", a súa prioridade.

sformoso@elcorreogallego.es

O autor mexicano Rojas Rebolledo leva ó pazo da Peregrina o libro 'Balano'

Residente en Ames, trouxo unha obra feita con lembranzas de amizade e intriga

e traballar en Santiago de Compostela, en 2005 trasladase a Bertamiráns, a capital amaiana, onde reside dende entón. Ao longo da súa carreira, colaborou en diversas publicacións e varios textos seus foron incluídos en antoloxías. A súa primeira novela, *A ruta do Aqueronte*, foi publicada polo Fondo de Cultura Económica en 2006.

Nunha entrevista, Rojas confesaba a súa paixón polo Medioevo, base dalgúns dos seus traballos, lembrando que "me atrae desde niño, cuando comencé a leer novela de caballería, que son precisamente las que el Quijote quema. Me di cuenta que la mentalidad occidental tenía su fundamento en las enseñanzas de estas novelas". **M. MANTEIGA**

Ames. O pazo da Peregrina acollía onte a presentación do libro *Balano*, unha obra onde a memoria ten un papel principal. Segundo explican desde o Concello, e a partir das lembranzas do narrador, cheas de humor e melancolía, esbózanse os elementos que conformaron unha amizade cargada de aventuras, amantes celosos, intrigas, enganos e morte, obra da pluma do mexicano, aínda que veciño de Ames, Eduardo Rojas.

Rojas Rebolledo naceu en México no ano 1970 e chegou a Galicia no ano 2000. Despois de estudar

Arousa-Norte achégalle o patrimonio ós alumnos coas novas tecnoloxías

Boiro. A Mancomunidade Arousa-Norte vai desenvolver nos vindeiros meses o proxecto *Guía do autostopista de Arousa-Norte*, para promover o galego entre os xóvenes e acercalos ó patrimonio cultural a través das novas tecnoloxías.

Os destinatarios do proxecto son os alumnos de entre 12 e 18 anos do IES Félix Muriel de Rianxo. Faranse tres actividades: unha xornada formativa (que tivo lugar onte); un clube de lectura (terán un mes para ler o libro *Guía do autostopista galáctico*, que narra as aventuras de Arthur e Ford

na súa viaxe pola galaxia despois de que o planeta Terra fose destruído para construír unha autopista galáctica e a interacción co patrimonio arousán a través dun blog); e unha actividade de interacción co patrimonio cultural de Arousa-Norte.

Esta última desenvolveuse a través dun blog no que o alumnado poderá obter información sobre o patrimonio cultural dos catro municipios que forman a comarca, con fin de relacionar o patrimonio e a lingua co libro *Guía do autostopista galáctico*. **SUSO SOUTO**